

RESUMO DA AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN Lingua Portuguesa 2º ESO

(Isto é un resumo, a información completa, onde se especifican criterios, procedementos, instrumentos e estándares de aprendizaxe, está publicada na páxina web do centro)

A materia de L. Portuguesa dirixe a súa aprendizaxe cara á adquisición das destrezas comunicativas (comprender e expresarse oralmente e por escrito).

Impártese como 2ª Lingua estranxeira e conta cun horario semanal de dous períodos de 50 minutos.

A avaliación será resultado dunha valoración global e continua dunha serie de actuacións, estándares de aprendizaxe e actitudes que se especifican a continuación:

1. A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua. O alumnado mostrará interese por utilizar e mellorar a súa expresión oral e escrita na L Portuguesa durante as aulas, tanto individualmente como en grupo.

2. As tarefas, actividades e probas orais e escritas

Teranse en conta os resultados das probas e actividades realizadas das diversas competencias (CE, CO, EE, EO*), sempre tendo en conta o nivel de consecución de 2º segundo ano de A1.

3. O traballo diario: realización das tarefas e actividades, tanto escritas (caderno, arquivos do lapis electrónico...) como orais (de aula, gravacións...)

4. Lecturas: o alumnado mostrará interese por mellorar a súa pronunciación e fonética nas lecturas de aula. Estas serán de diversos tipos (literarias, xornalísticas...) e adecuadas ao nivel de segundo ano de A1

5. Os cadernos e o material, organizados e traballados.

6. As chamadas de aula.

7. A evolución positiva na traxectoria académica.

A cualificación final será o resultado da valoración de todos os instrumentos de avaliación. Organizaranse do seguinte xeito:

➤ Comprensión escrita: 20% (textos escritos do seu nivel)	(CE)*
➤ Comprensión oral: 20% (audicións do seu nivel)	(CO)*
➤ Expresión escrita: 20% (traballos e textos nas probas do seu nivel)	(EE)*
➤ Expresión oral: 20% (tarefas de aula e probas orais do seu nivel)	(EO)*
➤ Actitude (traballo diario, caderno, participación, interese...):20%	

PROBAS DA MATERIA:

Cada proba realizada nas avaliacións incluírá contidos específicos das anteriores nunha porcentaxe mínima do 25% (tanto nas probas escritas coma no resto das actividades). É dicir, a segunda avaliación incluírá contidos da 1ª, e a terceira das dúas anteriores.

RECUPERACIÓNS:

Dado que a avaliación é continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas e orais) fragmentando a materia. Se o resultado da primeira avaliación non fose positivo, o alumnado poderá demostrar a adquisición dos coñecementos da mesma,

durante a segunda avaliación a través dese mínimo do 25% de inclusión de contidos da avaliación anterior. O mesmo rexe para a terceira avaliación respecto ás dúas anteriore

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS L.Portuguesa 2º ESO POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Revisión básica dos temas 1-6 “livro do aluno” (inicio de curso) Temas 7 e 8 “Livro do aluno” Material impreso e audiovisual complementario temas 7 e 8 Reprodución oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía Fonética Expresións e “falsos amigos”	Temas 9 e 10 “Livro do aluno” Revisión temas 7,8,9 Material impreso e audiovisual complementario temas 9 e 10 Reprodución oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía Fonética Expresións e “falsos amigos”	Temas 11 e 12 “Livro do aluno” Revisión temas 10,11,12 Material impreso e audiovisual complementario temas 11 e 12 Reprodución oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía Fonética Expresións e “falsos amigos”

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO:

Para a avaliación extraordinaria de setembro, ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado.

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada cun cero.

En _____ a _____ de outubro de 2...

Asdo:
PAI/NAI/TITORES

ESTA INFORMACIÓN, ASINADA, DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA.